





RS/mv



En relación coa pregunta con resposta escrita nº **30320**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Carlos Fernando Blanco Parga e D^a Cristina Ferreiro López, sobre **“as previsións da Consellería de Sanidade respecto da dotación ao Centro de Saúde de Baralla con algún día de atención pediátrica”**, (publicada no BOPG nº 594, do 30 de xullo de 2008), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Dada as limitacións coas que nos atopamos na procura de pediatras (non só non os hai en Galicia, senón no resto do territorio español) e sendo imposible que tódolos municipios contén cun servizo de pediatría situado no mesmo Concello, reorganizouse a pediatría a nivel da provincia de Lugo agrupando os municipios limítrofes e proporcionando atención sanitaria dende os servizos de atención primaria, nivel organizativo superior e de xestión, que integra unha ou varias unidades dependentes.

Ademais, dunha poboación total de 2.953 habitantes, hai un total de 192 persoas menores de 14 anos.

Por outra banda, a presión asistencial dos pacientes pediátricos no ámbito de influencia de cobertura pediátrica da zoa (Corgo, Becerreá e Baralla), establécese nun ratio de 10/15 consultas diarias (demandas, administrativas, revisión do neno san).



As vacinas e aquelas revisións de saúde do neno san, que non precisan pediatra, poden ser realizadas por parte dos profesionais de enfermaría. Os médicos de familia prestan atención a toda a patoloxía urxente, así coma aqueles doentes que por diferentes motivos non desexen desprazarse.

Os pacientes de pediatría poden desprazarse tanto a Becerreá coma ao Corgo, que distan unha media de 14 km de Baralla, o que garante sempre a atención pediátrica.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2008

O director xeral de Relacións Parlamentarias



Manuel Guillermo Varela Flores

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia